

1. A 1ª Guerra Mundial. Causas da Guerra: Análise profunda do camiño cara o conflito.

Factor

	Tras a unificación alemá, pasouse da Realpolitik de Bismarck (procura o equilibrio e illa a Francia) á Wealtpolitik de Guillerme II. Alemaña xa non se conforma con ser unha potencia continental.
Ruptura do equilibrio bismarckiano	• Buscaba a hexemonía mundial e pasou a competir por colonias. • Buscaba o control do mares, construíndo unha gran frota de guerra. Isto rompeu definitivamente o sistema de alianzas establecido desde 1870 e provocou que GB vise o seu imperio ameazado, polo que abandonou o seu illamento e comezou a achegarse a Francia.
A “Paz Armada” (1890–1914)	Período caracterizado por un incremento sen precedentes do gasto militar. As potencias dobraron o número de efectivos (Alemaña pasou de 400.000 a 800.000 homes). Estableceuse o concepto de “carreira de armamentos”, onde as innovacións técnicas (acoirazados, artillería pesada) se convertían en propaganda política para xustificar o belicismo ante a opinión pública. As potencias aumentaron o servizo militar obrigatorio e fomentaron o nacionalismo nas escolas e na prensa, preparando psicoloxicamente á poboación para unha “guerra inevitable”.
Rivalidade económica e Imperialista.	Alemaña desprazou a GB e converteuse na segunda potencia industrial do mundo e líder Europea, sectores clave como o químico e o eléctrico. A competencia non era só por mercados, senón por infraestruturas estratéxicas como o ferrocarril Berlin-Bagdad e a penetración comercial alemá en zonas de influencia británica xeraron unha tensión económica insostible O proteccionismo económico de finais do s. XIX acrecentou estas tensión, convertendo a guerra nunha posible “saída” á saturación de mercados.
As Crises Marroquís	Foron dúas (1905 e 1911). • 1905 (Tánxer): Guillerme II presentouse como defensor da independencia de Marrocos para testar a alianza franco-británica. O resultado foi a <i>Conferencia de Alxeciras</i> (1906), que reforzou a presenza francesa. • 1911 (Agadir): O envío do buque <i>Panther</i> foi un intento de chantaxe para obter territorios no Congo. Resultado: Francia e Gran Bretaña asinaron acordos militares secretos, solidificando a Entente.
O “Polvoreira” Balcánica	A decadencia do Imperio Otomán deixou un baleiro de poder e propiciou tres focos de tensión: 1. Anexión Bosnia (1908), Austria-hungría rompeu o statu quo, humillando a Rusia e Serbia; o que enfureceu a Serbia. 2. Rusia necesitaba os Balcáns para ter saída ao Mediterráneo e presentábase como a protectora dos eslavos.

3. As **Guerras Balcánicas (1912-13)** o reparto de Macedonia e a creación de Albania deixaron a Serbia como a principal ameaza para os intereses austríacos, ó converterse nun estado expansionista apoiado por Rusia.

O Sistema de Alianzas

- **Tripla Alianza (1882):** Alemaña, Austria-Hungría e Italia (esta última cun compromiso feble por intereses en Libia e Trento), tivo un carácter defensivo.
 - **Tripla Entente (1907):** Non era unha alianza formal ao principio, senón unha serie de acordos. Formada tras a *Entente Cordiale* (1904) entre Francia-GB e o acordo anglo-ruso de 1907. Este bloque rodeaba xeograficamente ás potencias centrais, alimentando a súa paranoia de "cerco".
-

O Atentado de Saraxevo

O 28 de xuño de 1914, o grupo terrorista **Man Negra** asasinou o herdeiro austríaco: **Francisco Fernando**. Austria, co apoio de Alemaña (o "*cheque en branco*"), enviou un ultimato inaceptable a Serbia, posto que quería rematar coa soberanía serbia.

A mobilización rusa activou o **Plan Schlieffen**: Alemaña debía derrotar a Francia rápido invadindo a Bélxica neutral para despois enfrontarse a Rusia, convertendo un conflito local nunha guerra total.

Actuou en dúas fronte:

O papel do Nacionalismo

1. **Irredentismo:** Pobos que querían unirse ao seu estado-nación (serbios en Austria, italianos en Trento, franceses en Alsacia e Lorena).
 2. **Chovinismo:** Exaltación da superioridade propia difundida polo sistema educativo e a prensa de masas, que facía que a poboación vise o conflito como unha cuestión de honra nacional.
-